Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 6 DE AGOSTO DE 2025 | MIÉRCOLES, 6 DE AGOSTO DE 2025 | BOP NÚMERO 148

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tesourería. Sección de Xestión

Ordenanza fiscal reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2025/00020944X

PROCEDEMENTO: Ordenanza fiscal reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE 2025/20944X DE IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.32 REGULADORA DA RECARGA SOBRE O IMPOSTO AUTONÓMICO ÁS ESTADÍAS TURÍSTICAS

I) Segundo o disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo(TRFL), o Pleno do Concello de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o 31 de xullo de 2025, adoptou o acordo de aprobación definitiva do expediente 2025/20944X de imposición e aprobación da ordenanza fiscal 1.32 reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas.

II) Aos efectos previstos no artigo 17.4 do TRFL publícase o texto definitivo da ordenanza fiscal 1.32 reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas, que entrará en vigor o 1 de outubro de 2025.

De conformidade co establecido no artigo 19.1 do TRFL e nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os interesados poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo contra o devandito acordo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente interpoñer.

III) Texto definitivo da ordenanza fiscal 1.32 reguladora da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas:

ORDENANZA FISCAL 1.32 REGULADORA DA RECARGA SOBRE O IMPOSTO AUTONÓMICO ÁS ESTADÍAS TURÍSTICAS

Artigo 1. Fundamento e natureza

1. De acordo co previsto nos artigos 2.1.b) e 38.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e co establecido na sección 3ª do capítulo II do Título I da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela establece a recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas.

2. A recarga ten a condición de ingreso de dereito público e natureza de imposto e fíxase sobre a cota íntegra do imposto autonómico ás estadías turísticas antes de aplicar a bonificación.

3. A recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela réxese polo disposto na sección 3ª do capítulo II do Título I da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, por esta ordenanza reguladora, polo establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pola normativa xeral en materia tributaria e pola Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

Artigo 2. Feito impoñible

1. Constitúe o feito impoñible da recarga a estadía en establecementos de aloxamento turístico previstos no artigo 12.1.a) da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, tal e como é definida no parágrafo 2 do mesmo artigo.

2. Non forma parte do feito impoñible da recarga a estadía en establecementos de aloxamento turístico previstos no artigo 12.1.b) da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

3. Consonte o artigo 12.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, entenderase por estadía o goce do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoctación ou sen ela.

Número de anuncio 2025/5158

Artigo 3. Non suxeición e exencións

1. Non se esixirá a recarga nos supostos de non suxeición do artigo 13.1 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

2. Están exentas da recarga as estadías recollidas no artigo 13.3 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

3. Para os efectos da aplicación da recarga recóllense as seguintes normas en materia de acreditación da non suxeición e das exencións legalmente previstas, en tanto a Consellería competente en materia de facenda non aprobe mediante orde as normas de aplicación do imposto e, unha vez aprobadas, en tanto non as contradigan:

a. Os supostos de non suxeición a que se refire o artigo 13.1 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberanse acreditar:

i. As que realice calquera persoa por motivos de saúde:

1. Declaración responsable, asinada pola persoa contribuínte, onde se fagan constar os datos de identidade da paciente e, de ser o caso, das persoas que a acompañan; e que a estadía se realiza por motivos de saúde, sexa como paciente ou como acompañante. En caso que sexan diversas as contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e deben constar os datos de todas e a sinatura de calquera delas que sexa maior de idade.

2. Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa paciente forma parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.

ii. As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais:

1. Certificado da federación deportiva que organiza a competición no que consten as datas e o lugar da competición.

2. Licenza deportiva da persoa contribuínte expedida pola federación deportiva.

iii. As que realice calquera persoa por causa de forza maior debidamente xustificada:

1. Declaración responsable asinada pola persoa contribuínte onde se fagan constar os seus datos de identidade, o acontecemento producido e como afecta á contribuínte. En caso que sexan diversas as contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e deben constar os datos de todas e a sinatura de calquera delas que sexa maior de idade.

2. Documentación na que conste o acontecemento ou a activación dalgunha medida pública derivada deste, expedida pola Administración competente en cada caso en materia de seguridade pública ou de emerxencias, agás que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola Administración local.

3. Enténdese como suposto de forza maior a estadía derivada do aloxamento xestionado a través do Servizo Municipal de Urxencias Socias da unidade de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, que deberá acreditarse cun informe do persoal técnico adscrito a dito Servizo.

b. Nos supostos de exención a que se refire o artigo 13.3 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberanse acreditar:

i. As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas coa acreditación da idade da persoa menor mediante o documento de identidade, o pasaporte, o libro de familia ou mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

ii. As realizadas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % coa resolución do órgano competente en materia de política social na que conste o grao de discapacidade.

iii. As subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera estado membro da Unión Europea co documento da reserva efectuada ou coa factura a cargo da entidade promotora do programa social, sempre que identifique claramente o programa co que se financia a estadía. Isto sen prexuízo da xustificación por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

iv. As realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. do Plan Xacobeo.

v. As realizadas nos albergues xuvenís.

4. A persoa substituta da contribuínte ten que conservar durante catro anos unha copia da documentación ou, de ser o caso, da declaración responsable que xustificou a non suxeición ou a exención.

Número de anuncio 2025/5158

Artigo 4. Persoas obrigadas tributarias

1. Consonte o artigo 24.3 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, a recarga esixirase ás mesmas persoas obrigadas tributarias que recolle o artigo 14 desa norma legal para o imposto.

2. Presúmese, agás proba en contra, que a persoa titular da licenza de turismo é a que explota o establecemento de aloxamento turístico.

Artigo 5. Axentes colaboradores na aplicación da recarga

1. Os axentes do sistema tributario, de forma voluntaria e mediante convenio, poden colaborar coa administración tributaria do Concello para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias derivadas da recarga do imposto sobre as estadías turísticas de cara a previr e evitar a fraude relacionada. Esta colaboración tamén se pode instrumentar mediante acordos ou convenios coa ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia).

Cando o axente interesado pertenza a un colexio ou asociación profesional ou a unha entidade de natureza similar que xa teña subscrito un convenio de colaboración social co Concello, pode actuar como axente colaborador na recarga do imposto sobre as estadías turísticas sempre que o citado convenio teña incorporada a addenda correspondente.

No resto de casos, debe presentar a correspondente solicitude ao Concello para que se asine un acordo específico que lle confira o carácter de axente colaborador social na recarga do imposto.

2. A colaboración pode concretarse, entre outros contidos posibles, na presentación e o pagamento das autoliquidacións da recarga do imposto en nome das persoas titulares da explotación dos establecementos de aloxamento turístico, da maneira que determine o correspondente acordo. A presentación e, se procede, o pagamento da recarga require o consentimento previo da persoa substituta do contribuínte.

3. Os prazos, a forma de presentación e o pagamento da recarga do imposto axustarase ao que establece o artigo 10 desta ordenanza.

Artigo 6. Base impoñible

1. A base impoñible da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela será a cota íntegra deste imposto esixible ao contribuínte -recollida no artigo 16 da Lei 5/2024, do 27 de decembro- antes de aplicar a bonificación prevista no artigo 17 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

2. Para os efectos de computar o número de días ou fraccións da estadía, son de aplicación, de ser o caso, as normas ou os usos sobre horarios de entrada e saída fixados polos establecementos de aloxamento turístico.

Artigo 7. Tipo de gravame e cota tributaria

A porcentaxe fixada como tipo de gravame da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela é do 100 %.

A cota tributaria é o resultado de aplicar o tipo de gravame fixado no parágrafo anterior á cota integra do imposto autonómico ás estadías turísticas antes de aplicar a bonificación.

Artigo 8. Bonificación

Non se establecen bonificacións na recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 9. Devindicación e obriga de contribuír

Consonte o artigo 18 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, a recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela devindícase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o feito impoñible.

Artigo 10. Normas de xestión

1. As persoas substitutas da persoa contribuínte están obrigados a presentar autoliquidación da recarga do imposto por cada un dos establecementos de aloxamento turístico que exploten, determinando a débeda tributaria correspondente e ingresando o seu importe nas entidades colaboradoras na recadación, na forma e prazos que se sinalan nos parágrafos seguintes, e segundo os modelos que aprobe a Concellaría de Facenda do Concello de Santiago.

2. En caso de explotaren máis dun establecemento de aloxamento turístico, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pagamento das cotas devindicadas da recarga do imposto da totalidade daqueles, dun xeito agregado, mediante unha única autoliquidación.

Número de anuncio 2025/5158

3. O axente colaborador a que se refire o artigo 5 desta ordenanza pode efectuar, nos termos que se establezan por convenio, o pagamento agregado e nunha soa autoliquidación das cotas da recarga do imposto devindicadas respecto dun colectivo de substitutos das persoas contribuíntes e dos establecementos de aloxamento turístico que exploten.

4. Período de liquidación. Establécense dous períodos de liquidación semestral:

a. Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

b. Do 1 de xullo ao 31 de decembro

5. Forma e prazo de presentación e ingreso da autoliquidación. A presentación da autoliquidación e o ingreso da recarga do imposto téñense que realizar dentro dos seguintes prazos:

a. A correspondente ao período de 1 de xaneiro ao 30 de xuño: do 1 ao 20 de xullo.

b. A correspondente ao período de 1 de xullo ao 31 de decembro: do 1 ao 20 de xaneiro do ano seguinte.

A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento de aloxamento turístico.

Os citados prazos teñen a condición de período voluntario para o pagamento da recarga.

6. Será obrigatoria a presentación da autoliquidación da recarga e o seu aboamento na sede electrónica municipal.

7. O aprazamento e fraccionamento do pagamento da recarga rexerase pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria o polo disposto no título II da Ordenanza xeral de xestión recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Santiago.

8. A recadación da recarga en período executivo rexerase pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria o polo disposto no título III da Ordenanza xeral de xestión recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Santiago.

9. A competencia para a resolución dos expedientes de revisión de actos corresponderá á administración tributaria municipal previo informe da unidade competente da concellaría de Turismo.

Artigo 11. Identificación dos establecementos

Os establecementos de aloxamento turístico a que se refire o artigo 12.1 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas deben estar identificados, nas actuacións coa administración tributaria do Concello relativas a esta recarga, mediante o código de identificación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12. Obriga de informar

As persoas titulares da explotación dos establecementos de aloxamento turístico aos que se refire o artigo 12.1 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deben ter ao dispor da administración tributaria do Concello a información das estadías que se producisen neles durante os catro anos anteriores ao da actuación administrativa e, en concreto, a identificación e a idade das persoas aloxadas, así como as datas de entrada e saída do establecemento de aloxamento turístico de cada unha destas persoas.

Artigo 13. Colaboración interadministrativa

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas, que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o Concello solicitará da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, os datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados en Santiago de Compostela que sexan estritamente necesarios para aplicar a recarga do imposto sobre as estadías turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado en Santiago de Compostela.

b) A identificación do titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.

c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico, e a súa data de nacemento.

d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadía.

Artigo 14. Afectación dos ingresos

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos da recarga estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a

Número de anuncio 2025/5158

gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24

2. O control da correcta aplicación dos ingresos da recarga ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de turismo e facenda.

3. Logo do informe do órgano de participación previsto no artigo 15, incluirase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos da recarga. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

Artigo 15. Comisión municipal de asesoramento e seguimento

1. En cumprimento do previsto no artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, procederase á constitución da comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela.

2. Son funcións da comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela:

a) Asesorar sobre as cuestións relativas á aplicación da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela.

b) Levar a cabo seguimento permanente da aplicación da recarga, tendo en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio.

c) Aprobar anualmente un informe de avaliación de impacto da recarga en relación coas finalidades pretendidas coa súa aprobación. Este informe deberá ser publicado na páxina de transparencia do Concello de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.- A constitución da comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela

1. O futuro órgano municipal de participación en materia de política turística, realizará as funcións e atribucións que o artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, reserva á comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación da recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas do Concello de Santiago de Compostela.

2. Este órgano deberá contar, como mínimo, con representantes do concello, das empresas do sector e das asociacións de veciños.

3. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta norma procederase á aprobación e publicación da ordenanza municipal que regule o órgano municipal de participación en materia turística, así como a súa posta en funcionamento para o desenvolvemento das funcións renumeradas no artigo 15 desta ordenanza municipal.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA ÚNICA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 16 de maio de 2025 e de xeito definitivo na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2025 . Esta ordenanza entrará en vigor o 1 de outubro de 2025, e aplicarase mentres non se acorde a súa derrogación ou modificación.

Manuel César Vila

Data da sinatura 01/08/2025

Concellería Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local

2025/5158

Número de anuncio 2025/5158